

Estas subvencións están cofinanciadas ao 70% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, a través do Programa operativo do Feder de Galicia 2007-2013, número CCI 2007 ES 161 PO 005, aprobado pola Decisión da Comisión Europea do 30 de novembro de 2007.

Convocatoria: Orde do 29 de abril de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para a potenciación do turismo mediante a mellora de establecementos restaurantes en edificios singulares que contén con calquera recoñecemento oficial, núcleos históricos, lugares e paisaxes naturais de calquera recoñecemento oficial, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010 (DOG nº 86, do 7 de maio) e Orde do 18 de novembro de 2010 pola que se modifica a Orde do 29 de abril de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para a potenciación do turismo mediante a mellora de establecementos restaurantes en edificios singulares que contén con calquera recoñecemento oficial, núcleos históricos, lugares e paisaxes naturais de calquera recoñecemento oficial, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010 (DOG nº 227, do 25 de novembro).

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2011.

P.D. (Orde do 2 de maio de 2009,  
DOG nº 87)

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo  
Secretario xeral técnico da Consellería  
de Cultura e Turismo

#### ANEXO

#### Subvencións para a potenciación e mellora de establecementos restaurantes

Beneficiario: *Casa Grande da Fervenza, S.L.*

Descrición actuación: obras menores.

Subvención concedida: 21.451,95 €.

#### CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

*Corrección erros.-Resolución do 29 de decembro de 2010, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do acordo sobre dereitos de participación do persoal ao servizo da Administración da Xunta de Galicia en materia de prevención de riscos laborais.*

Advertido erro na devandita resolución publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 13, do 20 de

xaneiro de 2011, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 1.173 onde aparece a seguinte táboa:

Comité de Seguridade e Saúde Laboral das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde área de Ourense.

Número de traballadores		Número de delegados de prevención	
Estatutarios	Laborais	Estatutarios	Laborais

Debe substituírse por estoutra:

Comité de Seguridade e Saúde Laboral das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde área de Ourense.

Número de traballadores		Número de delegados de prevención	
Estatutarios	Laborais	Estatutarios	Laborais
4628	186	8	3
Composición comité	Delegados de prevención	Representantes da empresa	
	11	11	

#### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*Resolución do 11 de marzo de 2011, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural, pola que se dá publicidade aos convenios subscritos por esta consellería no terceiro cuadrimestre do ano 2010.*

O artigo 11º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega (DOG nº 136, do 14 de xuño), impón a cada consellería da Xunta de Galicia a obriga de publicar no *Diario Oficial de Galicia* unha relación dos convenios de colaboración subscritos no terceiro cuadrimestre do ano.

En consecuencia, e para lle dar cumprimento a esa obriga,

**DISPOÑO:**

Artigo único.-Darlle publicidade á relación dos convenios subscritos pola Consellería do Medio Rural nos meses de setembro, outubro, novembro e decembro do ano 2010, que se incorpora como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2011.

Jorge Atán Castro  
Secretario xeral técnico da Consellería do Medio Rural